1. **Proposta de produción**
    - **Xénero**: reportaxe escrita. Trátase de ampliar e matizar unha noticia real próxima e en relación cos intereses do alumnado, traballando a distinción entre información e opinión, así como a construción dun texto xornalístico de certa complexidade.
    - **Destinatarios**: compañeiros/as e público en xeral.
    - **Lugar de publicación**: xornal dixital – exposición no centro ou noutro espazo público.
    - **Algúns modelos auténticos**: Esta polémica vai en botella, Galicia apúntase á vida a lume lento, varios na revista de R, Eu dialogo, Irmandiños: A revolta, A Revista.
2. **Itinerario mínimo**

    Introdución.

    - Clasificación de textos xornalísticos audiovisuais atractivos de distintos xéneros (especialmente reportaxes e noticias) para chegar a facer explícitos os criterios seguidos.
    - Partilla e definición do proxecto e mais da avaliación.

    Traballo coa información.

    - Escolla da noticia da que se vai partir, análise das súas características e mais determinación dos aspectos que cumpriría ampliar.
    - Procura e selección de información en diferentes fontes *publicadas*. Xeneralización e síntese; reformulación e cita.
    - Incorporación de fontes *propias*. Achegamento aos trazos da enquisa (ou entrevista), composición do guión e da ficha para a recolleita de datos, análise dos resultados e presentación.

    Traballo co xénero.

    Abordaxe das características do xénero (V. punto 3).

    Produción.

    a) Planificación da escrita. Revisión do tema, escolma das diferentes fontes, organización dos contidos nun esquema acorde coa estrutura do xénero.

    b) Textualización. Composición do borrador a partir do esquema, seguindo a orde:

    Corpo

    Aspecto 1 –> datos – cita – valoración

    Aspecto 2 –> datos – cita – valoración

    ...

    Inicio e peche

    Entrada (resumo) e titular

    Imaxes con pé (e posíbel gráfica a partir dos datos)

    c) Revisión. Mellora do borrador.

    Publicación.

    Auto e coavaliación. Avaliación do proxecto.

    Apoios precisos: serie de ligazóns, fichas para a análise, folla de control para a procura e selección de información, así como para a redacción do borrador, guía para a revisión, ficha de avaliación...
3. **Destrezas que esixe o xénero**
    - Recoñecer a linguaxe obxectiva e a valorativa. Empregar recursos de modalización.
    - Organizar tematicamente o corpo, atendendo aspectos clave.
    - Elaborar unha síntese da información.
    - Coñecer e usar os recursos para enunciar o titular, captar a atención, citar, conseguir a amenidade e mais pechar.
    - Adecuarse ao formato do xénero.
    - ...

Algunhas actividades posíbeis: localización de recursos; escolla e incorporación de recursos; contraste entre reportaxes con distintas fórmulas de inicio e peche; titulado de apartados dados; recolleita e mellora de citas en varios textos; ordenación de fragmentos dunha reportaxe segundo a estrutura....

Apoios: serie de recursos, listaxe de fórmulas textuais...

4. Contidos de reflexión lingüística

- Estilo directo e indirecto.
- Os tempos verbais.
- A cohesión textual.
- Os niveis e rexistros lingüísticos.
- ...

Algunhas actividades posíbeis: clasificación, segundo funcións, de organizadores textuais e achega doutros equivalentes; cambio de estilo; identificación de tempos e valores...